

Coñece a túa árbore : Franxa fluvial

Rio Brandeso	Fervenza de Hortas	Río Iso
--------------	--------------------	---------



Coñece a túa árbore : Franxa fluvial

Os ríos máis importantes en relación ó relevo arzuán son o Iso e os seus afluentes e o Mera afluente do Tambre.

O río Iso ou tamén, chamado na comarca Viso nace na ladeira occidental do monte Bocelo. Pasa por Rivadiso onde se atopa o antigo hospital dos peregríns, hoxe albergue.

En Fontesanta enlázase co Brandeso e leva as súas augas ó encoiro de Portodemouros xuntándose alí coas augas do río Ulla.

Este último discorre un traxecto curto por terras arzuáns, ó sur da comarca.

Un lugar paisaxístico excepcional é a ponte de San Xusto por onde pasa o Ulla.

Famosa, nesta zona, é a ferverza de Hortas de difícil acceso para a súa visita.

O río Mera discorre pola esquina noroeste do municipio atravesando as parroquias de Calvos de Sobrecamiño, Campo, Dodro e Oíns.

Nas beiras do Iso e o Mera atopamos salgueiros, ameneiros, bidueiros e algún carballo. Tamén plantacións novas de piñeiros e eucaliptos, sobre todo de esta última especie.

Na zona de Rivadiso obsérvanse matas grandes de bidueiros.

A beira do río Ulla, excepcional pola súa vexetación de laurisilva, ten loureiros, acivros, aciñeiras, espiños e tamén as especies anteriores e algunha sobreira.



Coñece a túa árbore : Franxa fluvial

Portodemouros

A presa do encoiro de Portodemouros está en funcionamento desde o ano 1967, transformando a paisaxe do val. Nesta zona hai un microclima máis temperado o que facilita unha produción hortícola abundante e diversa. Tamén conta con explotacións de madeira de eucalipto e pino.

